



Unhas 110 familias teñen recibido neste ano unha cama a través do programa de préstamo do CHUO

Unha axuda para os coidadores

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Mellora a calidade da atención á persoa dependente, pero á vez, cuida ao cuidador. Este é o fundamento no que se basea o programa de préstamo de camas articuladas que vén de cumprir unha década na provincia. Nació á iniciativa do servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), primeiro como un programa piloto no ano 2003. “Había unhas camas libres e empezaron a prestarse. Comezouse con 7 camas e, como se viu que funcionaba, no 2004, que foi cando comezou o programa en si, xa se traballaba con 18. E logo o número de camas foise aumentando progresivamente. Cando había renovación de material nos hospitais e fan quedando camas antigas, todas elas fan pasando ao programa e actualmente contamos cun total de 125 camas”, explica Javier Gómez Coello, coordinador deste proxecto e membro do



“No Hospital de Verín temos un programa propio con 19 camas articuladas eléctricas, con elas mobilizas moito mellor porque non necesitas facer tanto esforzo físico e así o corpo do cuidador non se carga tanto”, comenta Laura Louro Couselo, traballadora social deste centro hospitalario.

servizo de Traballo Social da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco.

Con esta iniciativa preténdese facilitar ás familias coidadoras recursos para mellorar a calidade dos

Labores de reparación de camas deste programa de préstamo en Ourense.

coidados e reducir a sobrecarga que supoñen os coidados en enfermos encamados dependentes. A metade destas situacións de dependencia xurden nos hospitais cando os doentes non ingresados despois de sufrir un problema de saúde e as patoloxías máis frecuentes son ACVA (accidente cerebrovascular agudo), demencias senís, patoloxía oncolóxica... que poden xerar dependencia en maior ou menor grao ou que supoñen situacións de convalecencia provisionais.

Ao longo desta década de traxectoria a valoración entre os usuarios deste programa de préstamo ten resultado sumamente favorable. “A acollida é moi boa, trátase dun recurso moi valorado porque é gratuito e ademais de resposta inmediata. Faíse a demanda e no mesmo día ou no día seguinte eles xa teñen a cama no seu domicilio. Isto axuda moito ás familias para realizar os coidados das persoas dependentes e tamén desta maneira estamos cuidando ao cuidador porque son camas máis altas e isto fai que sexan máis cómodas para poder mover ao paciente nas actividades da vida diaria como

o aseo”, matiza Javier Gómez Coello.

Os usuarios principais deste servizo son maiores dependentes e con enfermidades crónicas de longa duración ou tamén persoas con problemas respiratorios que deben durmir coa cama elevada. Son, polo tanto, pacientes de servizos como neuroloxía, oncoloxía, medicina interna e neumoloxía. Hai asemade casos, aínda que en moita menor porcentaxe, de persoas xoves con secuelas por un traumatismo debido a un accidente laboral ou de tráfico.

Ao programa accédese a través dos traballadores sociais dos centros de saúde, dos traballadores sociais dos servizos sociais dos concellos e, nalgúns casos, a través da enfermería dos centros de atención primaria. “No caso do CHUO captamos nós a demanda que se deriva de persoal médico e de enfermería. Eles mesmos ven a necesidade e derivánnos a nós a esa persoa e despois valoramos ao paciente. Nós poñémonos en contacto co demandante, explicá-

integrada, se ben nos hospitais de Verín e do Barco tamén teñen o seu propio programa. No caso do primeiro deles, contan con 19 camas cunha particularidade: son todas articuladas eléctricas, á diferenza das do resto da provincia. “Nas outras camas tamén se pode adaptar o somier para poder incorporar á persoa ou levantarlle os pés”, indica Laura Louro Couselo, traballadora social do Hospital de Verín, “sen embargo, de cara ao cuidador resultan moito máis cómodas as camas con carro articulado porque, no caso de persoas completamente inmobilizadas, podes traballar a unha altura que che sea máis cómoda para poder coidalas e non necesitas facer tanto esforzo físico, soamente arrastrar ou mobilizar, pero sen que se cargue o corpo do cuidador dunha forma tan forte”.

De aí a gran lista de espera que existe para solicitar este tipo de camas en préstamo. Para poder optar a elas, como sucede tamén no programa a nivel provincial, as persoas deben reunir unha serie de requisitos. “Teñen que ser pacientes coa metade do corpo cunha mobilidade moi reducida ou que estean totalmente inmobilizados. Entón atendendo ás características desta xente, vai por lista de espera. Esta lista só cubre a zona de referencia do hospital de Verín, xa que temos moi pouquiño volume de camas”, continúa Louro Couselo.

Destaca asimesmo que este proxecto ten moi boa acollida entre as familias. “Cando á xente lle chega unha cama está encantada con ela porque iso, primeiro, supónlle non ter que abonar o custe dunha cama de forma privada, que é considerable, e ademais está todo o beneficio de coidar a unha persoa cun instrumento técnico que che permite poder facelo de forma cómoda como cuidador. O problema é chegar ás camas, porque hai poucas, pero cando o consiguen están encantados. Se houbera máis medios ou se puideran mercar máis camas, entendo que sería un bo recurso a ter en conta, porque ás veces necesitábase de forma puntual para certo tipo de pacientes e realmente non hai porque están todas prestadas”, sinala esta traballadora social do Hospital de Verín.

Do mesmo xeito que no resto da provincia, os usuarios destas camas en Verín son “persoas maiores, con enfermidades crónicas e dexenerativas que foron desencadeando a situación que teñen agora”, asegura esta traballadora social.

No Hospital Comarcal Valdeorras o programa só conta con dúas camas, pero tanto neste caso como



“A acollida deste programa é moi boa, é un recurso moi valorado” di Francisco Javier Gómez Coello, coordinador do proxecto de préstamo de camas e membro do servizo de Traballo Social da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco. Aparece na foto con compañeiras deste servizo.

no de Verín, cando están todas ocupadas préstanse camas dende o CHUO. “De feito en Verín hai unha

O PROGRAMA EN CIFRAS

Ano	Camas Disponibles	Nº Peticións anuais	Camas prestadas
2003	07	12	
2004	18	32	
2005	24	59	
2006	37	54	
2007	62	41	
2008	73	88	
2009	85	72	
2010	90	45	
2011	105	70	85
2012	125	56	84
2013	125	48	99
2014	125	--	110

PROGRAMA CAMAS ARTELLADAS. MEMORIA 2013

Camas prestadas en domicilio	Camas prestadas ao longo do 2013	Camas libres	Nº total de
99	48	11 (domicilio)+ 15 (cristal)=26	125

Fonte: Servizo de Traballo Social da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

lista de espera tremenda e cando hai necesidade, derivánnola a nós para que, se queren unha cama normal,

de manivela, pois se lle deixe dende aquí e o mesmo no caso do Barco”, apunta Javier Gómez.

Co seu uso ao longo do tempo, as camas deste programa vanse deteriorando. Co fin de reparalas, a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco asinaba a finais do 2013 un convenio de colaboración con Aspanas Termal. “Ao pasar por tantas mans e tantos usos, as camas estaban bastante deterioradas e, a través dese convenio, Aspanas Termal comprométese a reparar as camas libres que hai no CHUO. Xa levan unhas 20 camas arranxadas. É unha forma de colaboración

O programa pretende facilitar aos coidadores recursos para mellorar a calidade dos coidados e reducir a sobrecarga que supón a atención aos doentes encamados

No CHUO hai 125 camas en préstamo. Os hospitais de Verín e O Barco teñen o seu propio programa, que no caso do primeiro destes centros conta con 19 camas articuladas eléctricas

e de integración sociolaboral”, destaca Javier Gómez. Por iso tamén lle pide ás persoas do programa que “cando non usen ás camas, que nolas devolvan ao CHUO para poder reparalas e engrasalas”.

No que vai de ano 2014, do total de 125 das que dispón o CHUO no programa, 110 están prestadas nas casas dos usuarios e só quince están libres (6 nos domicilios e 9 no hospital). Neste caso son once camas máis en préstamo que no ano 2013, segundo os datos que manexa o servizo de Traballo Social da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco.

Con respecto ao futuro deste servizo de préstamo, Gómez Coello di que “o programa está libre a modificacións, sobre todo a incrementar o número de camas porque a demanda esta aí. Se hai máis camas eu penso que máis camas se usarían. O que sucede é que para aumentar a cifra das que hai agora no programa tería que haber unha renovación de mobiliario nos centros hospitalarios e agora estamos nun momento de crise e iso non creo que aconteza, é complicado”.